



RESOLUCIÓN do 10 de xuño de 2020, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade poliquetos a pé para o exercicio da actividade extractiva na confraría de pescadores de Miño.

• **Antecedentes.**

1. A Orde de 20 de decembro de 2018 aprobou os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 e de conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión de poliquetos a pé da confraría de pescadores de Miño (en diante a confraría) para o ano 2019, indicábase:

“Participantes: Este plan é complementario ao plan específico de explotación para moluscos bivalvos. Así pois, os titulares de permisos de marisqueo a pé poderán participar tamén neste plan de explotación. Nas solicitudes de apertura deberán indicar os nomes dos mariscadores que vaian traballar nese mes.”

2. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 4 a habilitación para a explotación de recursos específicos a pé:

“1. Poderán exercer a explotación a pé as persoas que estean en posesión dun permiso de explotación a pé para recursos específicos e participen nun plan de xestión para este tipo de recursos.

2. En función do estado dos recursos e da situación social do sector, poderá autorizarse a explotación a pé de recursos específicos como complementaria para persoas xa habilitadas para o exercicio do marisqueo a pé ou viceversa. Neste caso, poderán exercer a actividade aquelas persoas que estean en posesión dun permiso de explotación para marisqueo a pé e participen nun plan de xestión para os recursos correspondentes.”

3. A confraría de pescadores de Miño ven explotando os poliquetos (principalmente *Diopatra naepolitana*) dende hai máis dunha década de xeito moi fluctuante e como actividade complementaria para persoas xa habilitadas para o exercicio do marisqueo a pé, pero é nos últimos anos, cando as novas incorporacións na entidade dirixen o seu esforzo ás capturas da especie *Arenicola marina* e se reactiva considerablemente este plan de xestión. Fíxose necesario, por tanto, ao obxecto de axilizar a xestión deste plan anual así como a de facilitar a renovación dos permisos para o colectivo que se especializa na explotación dunha determinada modalidade de recurso, outorgar permisos de explotación a pé na modalidade de poliquetos nesta entidade.

4. Por resolución de 08.08.2019, esta xefatura territorial convocou un proceso selectivo para acceder ao permiso de poliquetos a pé na confraría. Neste proceso convocáronse 22 prazas e na base 1.2 da convocatoria establecíase como requisito de participación o de posuír permiso de explotación a pé (marisqueo xeral) en vigor vinculado á confraría. Ao proceso presentáronse 14 solicitudes polo que non foi necesario establecer unha orde de prelación para a selección.

5. O 16.09.2019 esta xefatura territorial emite resolución pola que se publica a listaxe de persoas aspirantes seleccionadas e se abriu o prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da dita resolución, para a presentación de documentación.





Dúas das persoas seleccionadas non cumprían cun dos requisitos e ao requirimento desta xefatura, solicitaron unha suspensión do procedemento ata o cumprimento do requisito debido á previsible transitoriedade do incumprimento. Transcorrido un prazo considerable dende esta solicitude sen que se teña producido ningunha variación da situación, pasan a declararse desistidas na presente resolución.

6. De acordo co punto 1 da disposición transitoria segunda do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, o plan de poliquetos a pé da confraría prorrógase ata o 31.12.2021.

7. O 19.02.2020 a confraría solicitou a adaptación de medidas de xestión deste plan presentando unha actualización da listaxe de participantes no plan e o propósito de manter en 22 o número máximo de participantes. O 13.04.2020 esta xefatura territorial resolveu adaptar a medida solicitada no plan de xestión actualizando na ficha de aprobación do plan o número de permex/persoas autorizadas en 12 e establecendo o número máximo de participantes en 22.

8. O 08.06.2020 esta xefatura territorial remitiu unha proposta á confraría para proceder á cobertura das 10 prazas vacantes para aquelas persoas con permiso de explotación a pé na modalidade de marisqueo xeral en vigor vinculado á confraría. Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres días para que presentasen as observacións que considerasen. Na mesma data a confraría contesta manifestando o seu acordo coa convocatoria.

- **Consideracións legais e técnicas.**

1. O artigo 17.1 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas establece que os plans de xestión establecerán o número máximo de persoas e/ou embarcacións participantes, polo que a tales efectos de acordo co artigo 17.2, a xefatura territorial correspondente incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido.

2. A Orde do 30 de decembro de 2015, determina na Sección 1ª do Capítulo II, o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, entre os que figuran os poliquetos.

3. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e que figura como anexo B desta resolución.

4. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos.

5. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

De acordo con todo o anterior, e co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,





RESOLVO:

1. Declarar desistidas das súas solicitudes, en relación á resolución do 16.09.2019 desta xefatura territorial para a obtención do permiso de explotación na modalidade de poliquetos a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de explotación de poliquetos a pé da confraría de pescadores de Miño ás persoas que se indican a continuación:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	NIF
CERNADAS	PRIETO	RAQUEL	* * * 5413 * *
PRIETO	RICO	MANUELA	* * * 5061 * *

2. Declarar vacantes 10 das 22 prazas convocadas na modalidade de poliquetos a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de poliquetos a pé da confraría de pescadores de Miño, da convocatoria realizada pola resolución do 08.08.2019 desta xefatura territorial.

3. Convocar proceso selectivo para a obtención de 10 permisos de explotación, modalidade de poliquetos a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de poliquetos da confraría de pescadores de Miño, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm.236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun mes. Tal e como se establece na Disposición adicional octava do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o prazo sinalado dun mes comezará a contar dende o día hábil seguinte a data de finalización da declaración do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Miño consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O xefe territorial

Por delegación de funcións por Resolución do 6 de novembro de 2019

(artigo 5.3 da Orde do 8 de setembro de 2017, DOG núm. 180 do 21.09.2017)

A xefa do Servizo de Recursos Mariños

M^a José Cancelo Baquero





ANEXO A

Bases da convocatoria.

1. Normas xerais.

- 1.1. O obxecto do proceso selectivo será o outorgamento de dez (10) permisos de explotación, modalidade poliquetos a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de poliquetos da confraría de pescadores de Miño.
- 1.2. Este proceso vai dirixido a aquelas persoas que conten cun permiso de explotación a pé (marisqueo xeral) en vigor vinculado á confraría de pescadores de Miño, e que queiran complementar a súa actividade extractiva con este recurso específico.

2. Requisitos das persoas candidatas.

Para seren admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán, consonte ao artigo 17º do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, e o artigo 9º da Orde do 30 de decembro de 2015, cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da expedición do permiso de explotación os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroada nun concello do litoral de Galicia.
- b) Ser maior de 18 anos ou menor emancipada e non superar a idade esixida para ter dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, conforme o previsto na normativa en materia de Seguridade Social.
- c) Non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. Os preceptores da renda de integración social en Galicia poderán acceder ao proceso de selección, debendo renunciar a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.
- d) Non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

3.1. Lugar de presentación.

As persoas interesadas dirixirán a súa solicitude á xefatura territorial na Coruña, empregando o modelo que figura como anexo II da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación de recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e que tamén estará a disposición de xeito actualizado na guía do cidadán da páxina web <http://www.xunta.gal> (anexo D da presente resolución).

As solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 8 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.





Opcionalmente, tamén se poderán presentar en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3.2. Prazo.

O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Coruña e da confraría de pescadores de Miño.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

3.3. Documentación.

Xunto coa solicitude presentarase:

a) Xustificante de ter aboado as taxas correspondentes (anexo E). A presentación do xustificante do ingreso das taxas sen o selo da entidade bancaria con indicación da data determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá substitución da presentación en tempo e forma da solicitude. Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.

b) Copia compulsada do documento nacional de identidade. Esta copia só se presentará no caso de opoñerse á consulta para comprobar os datos de identidade ao sistema de verificación de datos de identidade, de acordo coa Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos e a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o antedito decreto.

c) Copia compulsada da documentación que acredita cada un dos aspectos que se van a valorar segundo o baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos (anexo B):

c.1) Demandante de emprego:

- Informe actualizado dos períodos de inscrición do servizo público de Emprego acreditando o tempo que estivo inscrito como demandante de emprego, expedido pola oficina de emprego xunto co Informe actualizado da vida laboral, expedido polo Instituto Social de la Marina ou pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (á data de resolución da convocatoria ou posterior).

Non será necesario presentar a documentación deste apartado, en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, a xefatura territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta





de resolución, de acordo co disposto no artigo 49.2 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

c.2) Formación:

- Actividades de formación: copia compulsada dos diplomas, acreditacións ou certificados de asistencia a cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas inscritas no catálogo de actividades formativas recoñecidas para o baremo do marisqueo a pé para recursos específicos (anexo C e tamén dispoñible na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>) na data da convocatoria. Unicamente se valorarán as actividades formativas que estean finalizadas na data de publicación da convocatoria.

- Titulación académica: Copia compulsada da titulación académica.

c.3) Experiencia profesional:

- Copia compulsada dos permisos de explotación para marisqueo a pé para recursos específicos e/ou para marisqueo a pé nos dous últimos anos anteriores á data da convocatoria. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

- Copia compulsada do caderno de navegación con embarques como percebeiro/a (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade de percebe e/ou copia compulsada do caderno de navegación con embarques como mergullador/a, en embarcacións que contan coa modalidade de poliketos no seu permiso de explotación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria.

c.4) Empadramento nun concello situado no ámbito territorial da confraría de pescadores de Miño, durante un período mínimo de 1 ano anterior á data da convocatoria.

Certificación actual de empadramento no que conste a antigüidade. Este documento só se presentará no caso de opoñerse á consulta para comprobar os datos ao sistema de verificación de datos de residencia, de acordo coa Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos e a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o antedito decreto.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, a xefatura territorial poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 49.2 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Declaración responsable de que cumpre os requisitos esixidos no artigo 17 c), e), f) e g) do Decreto 425/1993, do 17 de decembro (incluída no modelo de solicitude). As persoas perceptoras da renda de integración social poderán acceder ao proceso de selección, e deberán renunciar a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.

3.4. Emenda da solicitude.

A xefatura territorial da Coruña, como órgano responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobará que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa.





A notificación do requirimento, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, poderá realizarse mediante publicación no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Miño.

4. Proceso selectivo.

As solicitudes, que cumpran os requisitos establecidos, serán admitidas aos procesos selectivos e serán valoradas consonte ao baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo B).

Unha vez baremadas as solicitudes, a xefatura territorial publicará unha relación provisional de persoas admitidas indicando a puntuación acadada por cada unha delas. Nesta relación recolleranse as persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Miño.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar, perante a xefatura territorial, cantas alegacións estimen oportunas durante un prazo quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta relación provisional.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

5. Listaxe de persoas seleccionadas, presentación de documentación e concesión de permiso de explotación

5.1. Listaxe de persoas seleccionadas.

A cualificación do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos conceptos baremables.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase consonte ao baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo B).

Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e unha vez analizadas estas, a xefatura territorial ditará unha resolución, coa relación definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade, así como aquelas que non o superaron.

A listaxe de persoas non seleccionadas constituirá unha lista de reserva que terá unha vixencia dun (1) ano contado desde o día seguinte ao da data da resolución da xefatura territorial.

A resolución coa relación definitiva publicarase no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores Miño.





5.2. Presentación da documentación.

A partir do día seguinte ao da publicación das relacións definitivas, as persoas que superaron o proceso selectivo disporán dun prazo de quince (15) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

a) Certificado de estar empadroada nun municipio do litoral de Galicia. Este documento non será necesario no caso de non opoñerse á consulta para comprobar os datos ao sistema de verificación de datos de residencia, de acordo coa Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos e a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o antedito decreto

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptora da renda de integración social de Galicia. As persoas perceptoras da renda de integración social deberán renunciar a ela. Non será necesario presentar a documentación deste apartado en caso de non opoñerse á consulta destes datos pola Consellería do Mar.

c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitirase unha nova resolución consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva.

5.3. Outorgamento dos permisos de explotación.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación:

- a) Estar en posesión do certificado profesional correspondente.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- c) Non ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación.
- d) Non ter acreditación de tripulante habilitado para a explotación de percebe nunha embarcación.

A xefatura territorial ditará resolución concedendo ou denegando o permiso de explotación para o marisqueo a pé, na modalidade de percebe conforme ao establecido no artigo 6 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro de 1993.

